



Concello de Cangas

CLAUSURA DO TALLER PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

Cangas, 25/08/2017

Na xornada de hoxe deuse remate ao taller para persoas con Diversidade Funcional, no que están integrados membros da Asociación Juan XXIII e de Aspamsim. Como clausura e, seguindo a temática do obradoiro, todos os membros dirixíronse cara a praia de Rodeira para facer un acto simbólico, creativo e artístico para concienciar á poboación sobre o necesaria que é a limpeza nas praias.

Recrearon a súa historia nun mundo lonxano; todos eles eran príncipes e princesas que chegaban á Terra, un lugar que consideraban fermoso, pero o cal estaba deslucido polo lixo que nel había. Como protesta, acercáronse ata a beira da praia facendo un ritual, bailaron cara o mar para despois, ler un discurso co obxectivo de lograr que a sociedade contribúa a que as nosas contornas e, en concreto as nosas praias, estean sempre libres de todo tipo de refugallos.

O ambiente foi espectacular: música, carteis reivindicativos levados a cabo por eles mesmos, indumentarias creativas, alegres e coloridas. Algo que provocou que veciños da nosa vila se uniran a esta iniciativa.

Actividades

Convén lembrar que as actividades que se levaron a cabo neste obradoiro foron diversas e variadas, pero todas centradas, como se mencionou anteriormente, no mundo das praias. Os integrantes crearon carteis que se colocaron na praia de Rodeira coas seguintes mensaxes: "Respecto ao medio ambiente", "O lixo tense que tirar na papeleira", "Descabichar a beach" ou "Mima a praia", entre outras.

Cada membro do taller tamén se encargou de debuxar a súa propia ola, de crear a súa propia praia, etc. Todas as actividades están encamiñadas a fomentar a creatividade, sacar o mellor e máis artístico de cada persoa. "Nos talleres aprendemos moito de cada un, descubrimos cousas novas, axudámonos e pasámolo ben".

Gabinete de Comunicación